

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 12 DE**

### **MAIO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día doce de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º Expediente de suplemento de crédito núm. 1/2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de maio de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 11 de maio de 2009.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra, pero que, en primeiro lugar, gustaríalle que alguén explicase en que consiste isto.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o Sr. Cubeiro debería saber, non sabe se é que estivo ausente, pero para iso están as actas, que o día 20 de novembro de 2008, aprobouse nun pleno a obra da Travesía de acceso ao cemiterio, por un importe de 530.000 euros, dos cales o concello financiaría 153.000 euros. É unha obra que xa está aprobada, e hoxe do que se trata é de cumprir co requisito de poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para poder executala.

Di que se trata de expropiar unha superficie de 5.586 metros, o que suporía un volume preto das cen prazas. Esta expropiación engloba tres tipos de solo, rústico, urbanizado de carácter residencial e un solo para equipamento. Cada un destes tipos de solo remunérase de maneira distinta, a remuneración máis baixa é para o solo rústico, despois vai a de equipamento, e o volume máis alto ocuparíano o solo residencial. Todo isto supón un importe de 235.851 euros. Xa estaba consignada unha contía de 52.000 euros, e agora necesitan financiar os 183.000 euros restantes. O que se trae hoxe ao pleno é a necesidade de consignar esa partida co obxecto de levar a cabo a expropiación e poder iniciar a obra.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el o que pediu foi que se explicase este tema ao conxunto das persoas presentes. El estivo no pleno no que se aprobou a obra, e que é o Sr. Salcines o que adoita faltar aos plenos, incluso aos que son importantes, tanto el como ata tres dos seus compañeiros, e por iso é normal que non saiba se os demais concelleiros acuden ou non. Di que el estivo nese pleno, e que estivo atento, e sabe de que se trata. Probablemente quen non o sabe son os veciños, nin o saben os xornalistas que van a transmitir o que están falando. Por iso pediu que explicase de que se trata esta proposta, non se refería á obra, todos saben perfectamente de que obra se trata, e todos están de acordo con ela. O que non están de acordo eles é na forma de facer as cousas.

Dille que o equipo de goberno retirou por dúas veces o proxecto de orzamentos. Se se tiveran aprobado os orzamentos, isto non sería necesario, porque neles si estaba a partida consignada e si se cumprirían os prazos. O que o Sr. Salcines non está dicindo, e era o que el quería que dixese, é que este pleno extraordinario é necesario facelo para que non pasen os prazos, como xa pasou noutra anualidade e se perderon os fondos para facer esa obra. Trátase dunha obra moi necesaria desde fai moitos anos, e xa se perdeu noutra ocasión, e hoxe, se non se fai este pleno, volvería pasar o mesmo.

Segue dicindo que o PP facilitaba a aprobación dos orzamentos, e polo tanto isto estaría solucionado. O grupo de goberno, e outros partidos que se chaman a si mesmos

progresistas, terán que explicar por que razón rexeitaron os orzamentos, por que razón, ou en que consisten uns orzamentos con medidas contra a crise e máis ambiciosos. Eles son os que o teñen que explicar, non o PP que foi moi claro e facilitaba a aprobación dos orzamentos no seu momento, co cal isto non sería necesario.

Conclúe dicindo que iso era o que quería que explicase o Sr. Salcines, para que os veciños o souberan, esa é a realidade. Agora meten este tema de forma precipitada, como de costume, porque non foron capaces de aprobar os orzamentos, e de feito cre que non volveron a falar con ningún partido sobre o tema. Di que, unha vez máis, isto é unha chapuza. Por tanto, o PP vai votar en contra da petición dun préstamo a 15 anos e con dous de carencia, un préstamo que pagarán outros cando o Sr. Salcines xa non estea aquí. Votan en contra do préstamo, non da obra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a posición do seu grupo vai ser a mesma que xa expresaron na comisión informativa, vai ser favorable, igual que cando se aprobou o proxecto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo considera que esta obra de acceso ao cemiterio, e aos demais centros que hai alí, centro da terceira idade, campo de fútbol, centro de saúde, é unha necesidade. Día a día están comprobando como apenas se poden cruzar dous coches, e os veciños de Cambre, e o seu grupo tamén, levan reivindicando a obra dende fai moitísimos anos. Pensa que votar en contra disto é ir en contra do progreso do concello, con independencia de que os orzamentos estean ou non aprobados. Por conseguinte, o seu grupo vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que coincide na necesidade desta obra. Loxicamente podería terse feito moito antes, se houbera interese por parte do goberno, e incluso conseguindo os terreos doutras formas diferentes a como agora os hai que conseguir, con expropiacións aos propietarios. En todo caso, ante a necesidade da obra, o seu voto vai ser favorable.

Conclúe dicindo que lle pide aos membros do goberno municipal que intenten ser capaces de vir todos eles aos plenos que teñen lugar, porque levan uns cantos plenos facendo moitas filigranas. Pensa que hai que ser un pouco máis serios, e o Sr. alcalde como responsable do goberno municipal debería dar explicacións de por que faltan concelleiros a todos os plenos, cando non é un, é outro, e cando non, varios. Di que hai que ser un pouco máis serios, que os Sres. concelleiros están cobrando para atender ás necesidades dos veciños de

Cambre, para ir aos plenos a dar a cara. Se non o fan así, cre que vai ser unha das poucas veces na que o seu voto vai ser favorable ás propostas do equipo de goberno, porque non son nada serios.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que un dos voceiros que interviu, caeu na tentación de dicir que votar en contra desta proposta é ir en contra do progreso, e el non o pode aceptar.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro popular que xa tivo a súa quenda para intervir, e que non pode ser sempre o que remate as intervencións, cando lle corresponde á presidencia. Hai que deixar claro que cando un concelleiro tivo a súa quenda, rematou.

O Sr. Cubeiro di que iso só lle pasa ao Sr. alcalde co PP, que non pasa o mesmo con outros grupos, e que se agora o interrompeu foi porque lle conviña. El quere deixar ben claro que votar en contra da proposta non é ir en contra do progreso, eles queren que se faga a obra, facilitaban que se aprobasen os orzamentos, pero o que non facilitan é unha chapuza como neste caso, pedindo un préstamo e endebedándose durante 15 anos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Cubeiro que debería mandarlle unha carta ao Sr. Gallardón, que pensa que ten o concello máis endebedado de España, e dicirlle cal é a opinión do PP de Cambre, ou ao Sr. Camps, en Valencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que se pecha o debate, e que lamenta que tratándose dunha obra que, con todos os seus problemas, é unha obra importantísima, que o PP non aprobe o financiamento, aínda que diga que si apoia a obra, iso é non dicir nada, agora ben, a decisión é de cada grupo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PP.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2009 por importe de 183.648,32 euros na partida orzamentaria 432/600090, proxecto 08-2-432002 “Expropiacións estrada cemiterio”, financiado con recursos procedentes dunha operación de crédito a concertar polo concello, polo mesmo importe e cun prazo de amortización de quince anos incluídos dous de carencia.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

**2º Sorteo para nomear os membros das mesas electorais nas vindeiras eleccións, segundo convocatoria efectuada por Real Decreto 482/2009, de 3 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados ao Parlamento Europeo**

Cando son as 13:45 minutos auséntase do salón de sesións o Sr. alcalde que informa aos asistentes que debe acudir a unha reunión que terá lugar no Consorcio, e delega a presidencia da sesión no primeiro tenente de alcalde, don Francisco Javier Varela Tejedor.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, efectúese o sorteo público dos membros das mesas electorais e suplentes de entre a totalidade de persoas censadas nas seccións e cos requisitos establecidos no parágrafo segundo do citado artigo.

Unha vez realizado o sorteo público, cubríronse os impresos modelo C.7.3, nos que constan os nomes, apelidos, DNI e cargo na mesa dos electores designados, e pola secretaria accidental da corporación deuse lectura das persoas elixidas en cada mesa electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré